

Testamento do Burro de Laza (fragmentos). 1973, recogido en grabación magnetofónica y transcrito, con numerosos errores, por ROIZ, Miguel, "Carnavales de Galicia", en: *Triunfo*, año XXVIII, nº 592 (1974), pp. 29-30.

Disponible: <https://gredos.usal.es/bitstream/handle/10366/60293/RTXXVIII~N592~P27-31.pdf>

*"Tanto de min murmuraron
que abouaronme os oídos
y e resultaba ser eo
o que salía xodido...*

*E como xa estaba farto
dos gritos de tanta bruxa
fun arreglar os papeles
e caíseme ca Milucha".
¡Fixeche ben compañeiro
casarte pol a canada:
acabouchese o traballo
de ir a apañar a auga!
¡Como saliche ganando!
Entre muller i a cuñada
ante de ter como ou rei
dentro dun cesto de palla.*

· * * *

*O burro ei io de dar
sin discusión o carteiro
que agora deronlle un pito
pra repartir o correo
e traí os veciños tolos
co demo do pito-rreo.*

* * *

*Pra que nos deixes dormir
eu xa che teño dito:
chama a xente pol o nome
e non íe toque o pito.*

* * *

*Bueno, xa empeza a morrer
pro este año Entroido;
pero morrer nunca morre
que eiqui o Entroido e sagrado.
¡Rapaciños que escoitades
cando cheguedes a mozos
aprendede a conservarlo
que coma il non hay outro!
se e que o deixades morrer
eu este puebllo non volvo.*

TESTAMENTO DO BURRO

Non me toqueades as chocas
estai quietos peliqueiros
aconchegaivos veciños
que fala o testamenteiro.

Seica no ano pasado
houbo protestas da xente
pois a burro regalado...
non hai que mirarlle o dente.

¿E que vos medrou a lingua
ou criticades por vicio?
pois de seguir esto así
pouco me dura o oficio.

Xa me avisaron algúns:
"Non andes de pita choca,
que o que se mete a falar
xa sabe o que lle toca:
Sementes ou non sementes
conta con herbas na horta".

Que nunca me falten burros
pra botar o testamento
hasta agora non hai queixa,
pois coma xa estades vendo
inda non repafto un
e xa está outro morrendo.

Por o falar dunhas cantas
non vou a sentir recelos
porque xa fai moitos anos
que tuven o sarampelo.

Iste ano compañeiros
tócalle ó burro do Esclavo
que tal día coma hoxe
morreu nun curral deitado
entón botándolle a conta
hoxe fai o cabo d-ano.

Era moi traballador
pegóuselle o mal do amo
que traballaba os domingos
por non chegarlle os diarios...
Pro no Entroido non podía
e escondíanlle o arado.

Cada vez que lle cargaban
de herba as angarillas
o rabo e as orellas
era só o que lle vías.

O probe se descansaba
era ó mudar de curral
e na canella de Vales
sempre se ía emborquillar

Pequeniño coma era
salífuche moi recacheiro
e a máis de catro veciños
zorregoulle no traseiro.

E se a min non mo credes
que volo diga o Tabú
as marcas das ferraduras
tenas a Adela no cú.

Quitándolle este costume
xa non tiña máis defeutos
e máis lixeiro cá el
non o recordan os vellos.
Pois saíndo ó mesmo tempo
—pra que vamos a mentir—
entre el e o coche correo
cara a feira de Verín
pola Vieira de Vences
sempre chegaba antes que il.

Aquel día do enterro
damo pena recordalo
pero máis lle da ó Andrés
que foi o que puxo o carro
e ó chegar ás Pedrosas
alí deixou o pinallo.

O Pepiño malpocado
ía detrás do enterro
chorando coma un coitado
porque o burro co rabo
diciálle adeus ó pobo.

Xa non hai mais que dicir
o burro está en boas mans
e vámolos repartir
sen os cachos discutir
porque non somos hirmáns.

Hai un veciño entre nós
que anda medio enfurruñado
porque do burro anterior
non pudo probar bocado.

E non ha de andar moi lonxe
ha de estar por eiquí cheirando
pro agora mesmo vos digo
de que é o Pepe Solado.

Xa cando estaba solteiro
de bandullo andaba listo
logo duas veces casou
e agora có que eu lle dou
vai parecer un obispo

Dicen que cando casou
saltaron nel os veciños:
“Non sabes o que fixeches
se serás animalíño
mira que agora de vello
ir casar a Souteliño...
Deixa que veña a chover
e vas ve-los camiños”.

Meteivos na vosa vida
e a min deixai-me tranquilo
o pobo non é moi bó
pero queda cerca dos pinos.

Os ollos eillos de dar
á muller do Garavasio
pois anda tan mal da vista
que nen atopa un engazo.

Antes non había medo
falabas coa Carrapona
e botábache o responso
con voltas e ceremonias
e as cousas que se perdían
aparecíanche soas.

Para o pior da Tia Antonia
ó coser un canesú
pois quere enfía-la agulla
e non lle atina co cú.

Xa sei o que está pensando
que son o demo en persona
pero cos ollos do burro
verá mellor Tia Antonia.

Ó Fonso do Ferrador
heille de dar calquer cousa
porque aí coma o ves
eche o amo da Picota.

Pois mecánico da bomba
nomeouno o Axuntamento
e hasta que a estropeu
o home non parou quieto.

E non contento con esto
meteuselle na cabeza
que había corta-lo “Maio”
e librouse de ir a leña.

Os dous sómoche dun tempo
e a que nega-lo que sabes
na mesma noite veciños
naceron cinco rapaces.

Os nosos pais no xulgado
—dixeron pola mañá:
“Traemos moito traballo
mais non houbo novidá
e a culpa nosa non foi...”
—Pois vaia casualidá
respondeulle Don Eloi.

“Non ves que quero preguntar
se vos puxestes de acordo
pois se se repite o caso
non imos caber no pobo.

E o Alfredo Segura
e a Calchana e o Pachín
o Herdeiro e a Ronda
e o Forxo e o Catapín
doulle as canelas do burro
por ser tan bó bailarín
non hai festa na Picota
que non movan os cadrís.

Mira o que vas repartir
—díxome onte a María—
xa sabes que a señorita
xa che dixó o que quería
que anda sempre arrepiada
porque a igrexa eche moi fría.

Non te preocupes muller
que eu faltarlle non quero
así que vai a pelica
para Dona Carmen Otero.

E agora meus veciños
que teño o burro encetado
eivos de da-las orellas
a todos e de contado.

E se volas quero dar
e para que escoitedes
as queixas que vou contar
e todo o que vos facedes.

Se non me falla a memoria
non penso deixar ningunha
que estes son os pecadiños
que non contades ó cura.

Non pensedes compañeiros
que levo mala intención
a min as cousas do pueblo
tamén che me doen.

Eu quixera que o que digo
lle pasara coma as dornas
dos que colleitan viño
que alá no Pociño Novo
hinchán metidas no río.

Eu quixera malpoucado
e con iso, é verdade
que para o ano estas letanías
se quedarán na metade.

Que para ir rega-la praza
botes unha noite enteira
pelexando coma un can
porque cha tornan da leira
e auga que vai andar
perdida pola canellas...
¡Isto mándache carallo!
aínda que maleducado
mo chamen tódalas vellas.

Que para vender unha vaca
teñas que andar catro leguas
porque nunca houbo trazas
de aquí poder facer feira,
pois se vas cara o Toural
verás que mesmo dá pena
uns porquiños de cria
e tres ou catro de ceba
e a non seren unhas mazás
e uns centos de cebolas
e debaixo do Pendello
algunha farracacheira
coa conta duns farrapos
vendíache unha tarteira,
coma dixó o Obregón
¿E a isto chamámoslle feira?

Cando eu era rapaz
alá viñan os tendeiros

que colocaban as tendas
frente a casa do Correo
e o que vendía as tintas
que era moi serio, por certo,
púñase, aínda me acordo,
no último dos asentos.

E non faltaban tamén
pois viña dende Arcucelos
e puña nunha mesiña
moitos doces o dulcero
frente a casa do badanos
que agora é do Pajarero.

E traía conda el
con tempo casamenteiro
unha filla que ó mellor
casou —pois disto fai tempo—.

E desa acera de enfrente
á casa de don Aurelio
chea de cestas de froita
de pitas e figos negros.

De Retorta e Matamá
eran estas vendedoras
pero —raio— desconfiadas
eran coma elas soas.

Pois os rapaces con ganchos
que coas navallas facían
cando estaban descoidadas
roubábanlle-las pavías.

Tamén para ferra-los burros
naquela esquina da aira
púñase un ferrador
e un neno e unha rapaza
que só viña nas feiras
pois era do Val de Laza.

E non haberá que dicir
que tamén viña a pulpeira
que sempre cocía o pulpo
onda casa do Coella.

Pero o que non faltaba nunca
era o señor retratista
que viña de Matamá
andando coma unha chispa.

Naquela parede da aira
espetaba o decorado
que era un pazo moi bó
cunhas macetas pintado.

Mandaba por tan teso
cando te ía retratar
que mesmo che parecía
que te ían fusilar.

Aqueles preparativos
éranche dignos de ver
e saías retratado
cando dicía! ¡A las tres!

E alá pola media tarde
cunha garabata amarela

viña dar unha voltaña
o Edelmiro das Eiras.

Eu disto pouco acordo
pero antes por unha xarra
tocaba o Sarreaus a gaita
e había baile na aira.

Non sei se vós estaredes
pero eu estou asombrado
de que esta feira que tedes
figure no calendario.

Antes era o vintecatro
pasou logo ó vintecinco
pero inda que sexa o cuarenta
a feira ha segui-lo mesmo.

Estamos todos de acordo
en que hai que arremuxala
¿mais quen arrima o hombreiro?
¡manda carallo na Habana!

Xúntase a Corporación
—ou mellor dito o Concello—
para nomear un novo alcalde
que nos governe o pueblo
e non encontran a ninguén
en todo o Axuntamento
e teñan que acabar
por nomea-los forasteiros...
¡Isto mándache carrallo, compañeiros!

Que pasará por aquí
¿a que non vos acordades?
tanto pira e lampantín
e tanto morto de fame
que se a nós non nos levaron
foiche de puro milagre.

Na ponte de Souteliño
gastaron un capital
pero como se arranxarían
que eu sempre cha vexo igual

E de gastos de escritorio
puxéronnos unha lista
que houbo que desconfiar
se beberían a tinta.

Mira que aquí houbo alcaldes
—este caso si que amola—
pois para arranxar unha rua
tivo que ser un de afora.

Prometeron que farían
unha presa alá na Armada
e polo alto do Teso
ían traerno-la auga.

Viría tal cachoeira
que habería para regar
todo Vales, Fontilleiros,
e tamén a Taxoá.

Fariannos unha fonte
¿seremos nos quen a vexa?

pero falando da auga
aquí non hai mais que eu sepa
que a poza das Cachorras
e a poza da Folepa

E nós que agardamos sempre
este proxecto con gozo
e a auga que nos trouxeron
foi atuirno-lo pozo,
e aquí deixaron as pedras
para que se rañen os porcos.

A ver se hai algún veciño
dos que estades escoitando
que se me atreva a dicir
que isto non ¡manda carrallo!

Pero non acaba aí
que aínda falta o mais bonito
se é que subsidio cobrabas
era á conta dun cabrito.

Coma sería o asunto
cando comentou o Rito:
¡pois sabes que o meu
non che naceu tan listo!

Dos préstamos non falemos
porque iso non é para dito
case nos meten na cadea
e mira por qué delito.

E aquí a pasar todo isto
e quedarnos tan tranquilos
vendo como a nosa conta
outros enchen os bolsillos...
¿Non credes compañeiros
que isto manda caralliño?

Que sexa por moitos anos
que o fin pechamoslle-las portas
pero antes viñan os cargos
e agora veñen as troitas.

Que para coidar da facenda
teñamos veterinario
e nós esteamos vivindo
pior cá os antepasados,
sen médico e sen farmacia
¡Tamén che manda carallo!

Non che tivemos San Xoán
nen tampouco Santo Cristo
pero houbo San Amoroso
San Castor e Casimiro
e este non leva coroa
porque gasta sombreiriño.

Eu xa non quero pensar
o que ca festa se armou
que se a leva o Mariano...
que o Cesteiro di que non...
pois xa estou vendo ós de Toro
levala para o Reventón.

E a culpa non foi do cura
nen do Alcalde, nen do Cabo

a culpa só é dos mozos
que son de manda carallo!

E paremos compañeiros
que se me dá por falar
sigo botando carallos
ata as catro da mañá

O Cardito do Correo
que mercou un traxe novo
dareille-las babas do burro
porque che ten bo estómago.

Non quixo a careta nova
e non che houbo maneira
de podelo convencer
para que non quixera a vella.

Moito che cismaron nel
entre a muller e a familia
—Mira Ricardo que contan
que un dia en Cimadevila
un pegureiro cenou
ó amo, e na barriga
pouco tempo lle parou
por que a cena deixou
ó pé das escaleiriñas.

—Se a min me gusta a careta
para que vides con pamplinas
que a gomitou o Cuco
tamén leva vitaminas!

Unha cousa ten o pueblo
que nos trae preocupados:
¿De que falan as beatas
cando saen do rosario?

Porque cada catro pasos
debaixo dos corredores
atopaste tres ou catro
falando que non se oen,
coas cabezas arrimadas
por medo que as escoiten

A min díxome Pacomio
que foi sancristán ben anos
¡Home de que van falar...
falan da vida dos santos!

Se isto resulta verdade
teño de darlles a lingua
que ó falar de cousas santas
gañas moitas indulxencias.

Pero outros dinme que non
que as beatas cando falan
só se ocupan do cura
para lle recorta-la sotana.

Se é certo ¡Deus me valla!
porque será divertido
ver como a don Bernardino
o deixan en minifalda.

Os fígados xa están dados
son para Xabel Chalamenca

que ata que casou á filla
naide a vira contenta.
Cando ia eu carón da Rosa
sempre as queixas me daba:

—Mira se será cadelo
nen a rapaza lle fala
pois saiu a el cagadiña
nada lle vale negala

Non te preocupes muller
que ti has de casar a filla
os Forxos fan ó revés
é costume de familia.

Ó cabo de doce anos
casados por fin os vexo
—Sogra son dixo a Xabel
pero ben pensei non selo,
pois nunca vin animal
tan malo de entrar no rego.

Se tes algún compromiso
por min non vas quedar mal
dalle o meu cacho do burro
ós que escoitando están
que a maior fartura que eu teño
eche ter *na casa* ó Lan.

Estade atentos rapaces
rapaces e rapaciñas,
os clavos das ferraduras
aí vos van ás rapañiñas.

Pero antes de arrabañar
eivos preguntar a todos:
¿Va que non hai un rapaz
que saiba tocar a tronos?

Pareceme rapaciños
que sodes uns lambóns
¿imos ver que de todos
e o amo dos cartóns?

Os rapaces do meu tempo
non eran coma os de agora
Nos... pintabamo-lo demo
e botabamolo a poza.

Moito se enfadaba o cura
co que faciamos con el
porque ó bota-lo demo
detrás ía San Miguel.

O da-lo primeiro toque
polo Domingo de Ramos
xa estaban os rapazotes
esperándonos no adro.

Formaban duas ringuileiras
e os rapaciños mudados
pasabamos de por medio
coas palmiñas e cos ramos
adornados de laranxas
e de galletas e lazos

mais contentos ca unhas pascuas
porque en Pascuas estabamos.

E alá saltabannos en nós
e varexábano todo
e non vos quero contar
o que alí había de choros.

Despois de pasa-lo Entroido
sen que se enteirara o cura
vestiamonos con alcacias
alá na Costa da Rúa.

Pero viñan de seguida
os Peruchos e os Pachí
e pega Toural embaixo
que alá vai o cú tras de tí.

Cando viña un camión
ibamos todos tras del,
e ata había pescozóns
por se enganchar nel.

No Picañó e nos Diestros
moitas pelexas había
e todo por querer ver
a camioneta da vía.
Xogabamos á cadea
polas noites na Picota
e o xogo era animal...
pero medraban as costas.

Uns andaban ós cágados
e outros andaban ós ninos
e outros ían pola noite
a escola do Saturnino.

Uns dábanlle á billarda
e outros xogaban ó truco
pero para ir ás mazás
non había coma o Cuco.

O Cuco xa de rapaz
o Cuco... era bo polo!
que xa pintaba o diaño
e as mozas en Rañadoiro
fixo unha cama de fentos
e a moza...

da moza non che me acordo.

Tódolos osos do burro
han ser para quen os queira
pero o que teña máis cans
ha de leva-la dianteira.

Seica que anda corrido
do Solado ata a Canella
que tódolos cans de caza
sonche do Luis Fiadeira.

Xa dixeran os veciños
que é o mellor cazador,
pois mata vinte perdices
antes de se poñe-lo sol,
pero que anda que o can...
ten pouca divertición.

El anda moi escamado
porque a cousa eche moi seria
os cans... os cans... ¡o nabizo!
os cans serán da cadela.

O aire eillo de dar
sen discusións ó carteiro
que agora déronlle un pito
para reparti-lo correo
e trae ós veciños tolos
co demo do pitorreo.

Tamén che ten uniforme
pero a muller cuidadosa
nunca llo deixa poñer
por se llo cagan as moscas.

Coas cartas de porta en porta
pita que te pitarás
por non esfolas-gorxas
non deixa a siesta botar.

Para que vos deixe durmir
eu xa cho teño dito:
"Chama a xente polo nome...
e non lle toque-lo pito"

A tódolos que están fóra
—e aquí tamén lambo eu—
eille de da-los miolos
por se os teñen coma os meus
cansos de tanto pensar
neste cachiño de ceo.

O pobo chama por un
e é tan grande o seu chamar
que pensas, pensas... e pensas
pensa que te pensarás.

Estarán botando as vacas
cara Ola, ou Barxa do Rei
e dis: ¡Quen me dera a min agora
ir coas miñas tamén!

Outras irán para a Veiga e Cordeiro
e para Vales, non o sei
algunhas andarán no Lastredo
pois o inverno xa ven.

Xa andarán os rapaces nas cereixas
porque tempo xa é,
e pisarán os allos e as berzas
¿Morrería o Fasqué?

Se é que está o Tempaido de patacas
o Couto pan ha de ter,
¿Como andarán este ano as subastas
das cachuchas e dos pés?

Xa andaré a xente coa seitura
e no domingo tamén,
vas ver na misa o señor cura
coma se vai poñer.

¿Pariríalle a vaca ó Bichiña?
¿Quén será o xuíz?
¿Chovería para Santa Catalina?
Sempre adoita chover...

Andará o teixugo nas Cortiñas
¡Qué demo de Paqué!
igual anda a rondar unha mocíña
e alá vai cara Trez.

Quen poidera na parede do Tombo
toma-lo sol e ver
que para o Regueiro Cáliz pasan
moitos que non van beber.

Dalí marchar cara o Palacio
para o tempo entreter
preguntar se pasou Pepe Nacho
se hai pescado a vender.

Xa andarán de sangue os pinallos
manchados outra vez
veu a matanza e hai lombelo asado
e afillaos con mel.

Quen contará ás noites na cocíña
contos que eu escoitei
xa non creo que polas pisadiñas
pasara San Xosé.

Os bullós estupan no tixolo
quen mos dera comer
¡Quen me dera... toleo!
¡Quen me dera volver!

Para oi-lo llun-llun dos chocos
e o repicar das campás
e o canto dos vosos carros
e as esquilas das vacas
e nas noites de inverno
as ferraduras das chancas...
¡Pobo, pobíño, meu pobo!
¡Laza, Laciña... meu Laza!

Acabo as reparticións
porque o burro era pequeno
se non vos parece mal
doulle fin ó testamento
pois falando doutras cousas
foiseme pasando o tempo.

Adiós queridos veciños
voume ata o ano que ven
e de tódolo que vos dixen
perdoade se faltei.

